

REXP

recoñecemento da experiencia profesional

¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha **acreditación oficial**, de ámbito **estatal**, con efectos:

Profesionais: acceso e promoción no emprego, e

Académicos: validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).

¿Quen pode obter o recoñecemento?

As persoas con **experiencia laboral:** polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos; e/ou

As persoas con **formación non formal:** polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Cando os módulos teñan unha duración inferior, a duración que se estableza nos módulos.

¿Como obter o recoñecemento?

É necesario **inscribirse** no procedemento de recoñecemento da competencia profesional:

Tras a publicación da **convocatoria** no DOG e no BOE, as persoas interesadas deberán presentar solicitude, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda **documentación xustificativa** da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación en calquera oficina de rexistro da Xunta de Galicia, do Portelo Único ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional

ASESORAMENTO

Fin: Axudarlles ás persoas a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial profesional e formativo.

Como: Haberá unha reunión grupal e entrevistas individuais.

A quen: Ás persoas que fosen admitidas no procedemento.

Por quen: Un asesor, que será un experto profesional ou docente na materia.

Onde: Nos centros que se indicarán na convocatoria.

Resultado: O asesor proporcionarlle a cada persoa un informe orientativo e, de ser o caso, un plan de formación.

AVALIACIÓN

Fin: Comprobar a competencia profesional das persoas.

Como: A través de distintos métodos e actividades de avaliación, que poderán ser: entrevistas profesionais, simulacións, probas de competencia, observación no posto de traballo, etc.

A quen: Ás persoas que, tras o asesoramento, decidan pasar á fase de avaliación.

Por quen: Unha comisión de avaliación, de polo menos 5 persoas, expertos profesionais ou docentes na materia.

Onde: Nos centros de formación ou empresas que se determinen.

Resultado: A comisión comunicarlle a cada candidato os resultados da avaliación (competencia demostrada ou non demostrada) e un plan de formación.

ACREDITACIÓN

Fin: Recoñecer, mediante un documento oficial, os coñecementos e capacidades das persoas.

Como: A Administración expedirlle a cada persoa unha acreditación parcial acumulable da/s unidade/s de competencia superadas.

A quen: Ás persoas que obtiveron avaliación positiva.

Por quen: Por parte das consellerías de Economía Emprego e Industria e de Educación e Ordenación Universitaria.

Resultado: Acreditación das unidades de competencia e posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.

ONDE OBTEN INFORMACIÓN e ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nos centros integrados de Formación Profesional e nos centros de referencia nacional.
- Nos centros propios da Consellería de Economía Emprego e Industria e nos centros públicos de Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Na páxina web da Consellería de Economía Emprego e Industria: <http://emprego.ceei.xunta.gal/>
- No Instituto Galego das Cualificacións, tel.: 981 546 840.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA